

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

**5034** *Real decreto 205/2021, do 30 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 1085/2015, do 4 de decembro, de fomento dos biocarburantes, e se regulan os obxectivos de venda ou consumo de biocarburantes para os anos 2021 e 2022.*

O fomento do uso de biocarburantes como fonte renovable de enerxía constitúe unha das vías de actuación no marco nacional e europeo na transición enerxética cara á descarbonización da economía. A implementación de obxectivos anuais de venda ou consumo de biocarburantes, coa promoción específica dos biocarburantes avanzados e aqueles que reduzan ao máximo as consecuencias do cambio directo e indirecto do uso da terra, veu considerándose como unha medida eficaz de transición cara a vías renovables de fornecemento de combustible, especialmente no sector do transporte, e a súa importancia recolleuse tanto no compendio normativo de fomento das enerxías renovables impulsado desde a Unión Europea como recentemente, no ámbito nacional, no proxecto de Lei de cambio climático e transición enerxética e no Plan nacional integrado de enerxía e clima (PNIEC) para o período 2021-2030.

Esta medida de fomento administrativo consolídase na actualidade sobre a base dunha importante batería de antecedentes legislativos, partindo da norma referencial na materia, a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, que estableceu na súa disposición adicional décimo sexta a implementación de obxectivos anuais de biocarburantes e outros combustibles renovables con fins de transporte ata o ano 2010, habilitando o Goberno para modificar os ditos obxectivos, así como para establecer obxectivos adicionais.

No ámbito comunitario, pódese destacar a Directiva 2009/28/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables e pola que se modifican e se derrogan as directivas 2001/77/CE e 2003/30/CE, que estableceu que cada Estado membro debería velar por que a cota de enerxía procedente de fontes renovables en todos os tipos de transporte en 2020 sexa, como mínimo, equivalente ao 10 por cento do seu consumo final de enerxía no transporte.

O impulso desta lexislación europea no fomento do uso de biocarburantes tivo a súa recepción tamén na Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, que estableceu no seu artigo 78 un obxectivo nacional mínimo de participación das enerxías renovables no consumo de enerxía final bruto do 20 por cento en 2020. Este obxectivo debe acadarse cunha cota de enerxía procedente de enerxías renovables en todos os tipos de transporte en 2020, que sexa como mínimo equivalente ao 10 por cento do consumo final de enerxía do sector transporte.

Na senda marcada por estas normas, reguláronse tamén, no artigo 41 da Lei 11/2013, do 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo de crecemento e creación de emprego, os obxectivos obrigatorios mínimos de venda ou consumo de biocarburantes en 2013 e anos sucesivos e, dada a necesidade de garantir o crecemento desta política de fomento de maneira gradual e proporcional aos avances da política de transición enerxética, incluíuse a habilitación ao Goberno para modificar os obxectivos establecidos na mesma normativa, así como a posibilidade de establecer obxectivos adicionais.

Con base nesta remisión regulamentaria, estableceuse o Real decreto 1085/2015, do 4 de decembro, de fomento dos biocarburantes, que fixou uns obxectivos de venda ou consumo de biocarburantes con fins de transporte para os anos 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020, do 4,3 por cento, 5 por cento, 6 por cento, 7 por cento e 8,5 por cento, respectivamente, todos eles en contido enerxético.

Adicionalmente, no artigo 2 do dito real decreto, de acordo co establecido no punto cuarto do artigo 41 da Lei 11/2013, do 26 de xullo, recoñécese a posibilidade do Goberno de regular obxectivos de venda ou consumo de biocarburantes e outros combustibles renovables, con fins de transporte, e pódense modificar tanto os obxectivos regulados como establecer obxectivos adicionais, tendo en conta a evolución do sector dos carburantes e dos biocarburantes, os progresos alcanzados no consumo de electricidade procedente de fontes renovables no transporte e da normativa comunitaria que se estableza en materia de obxectivos de enerxía renovable no transporte e no consumo final bruto de enerxía.

O citado real decreto supuxo tamén a implementación, no seu artigo 2.3, do límite do 7% de biocarburantes producidos a partir de cereais e outros cultivos ricos en amidón, de azucres, de oleaxinosas e doutros cultivos plantados en terras agrícolas como cultivos principais para o cómputo no obxectivo de enerxías renovables no transporte para o ano 2020, que foi establecido pola Directiva (UE) 2015/1513 do Parlamento Europeo e do Consello, do 9 de setembro de 2015, pola que se modifican a Directiva 98/70/CE, relativa á calidade da gasolina e do gasóleo, e a Directiva 2009/28/CE, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables. A este respecto, o artigo 4 da Orde ITC/2877/2008, do 9 de outubro, pola que se establece un mecanismo de fomento do uso de biocarburantes e outros combustibles renovables con fins de transporte, estableceu que ese límite será de aplicación para cada un dos suxeitos obrigados e se calculará segundo o que determine a entidade de certificación. Pola súa parte, a Circular 5/2020, do 9 de xullo, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, pola que se regula a xestión do mecanismo de fomento do uso de biocarburantes e outros combustibles renovables con fins de transporte e se modifica a Circular 2/2017, do 8 de febreiro, pola que se regulan os procedementos de constitución, xestión e repartición do fondo de pagamentos compensatorios do mecanismo de fomento do uso de biocarburantes e outros combustibles renovables con fins de transporte, establece no seu punto cuarto que para o cómputo do obxectivo obrigatorio mínimo de venda ou consumo de biocarburantes con fins de transporte a porcentaxe de biocarburantes producidos a partir das materias primas antes citadas non poderá superar, para cada un dos suxeitos obrigados, o 7,2%, en contido enerxético, sobre o total de gasolina e gasóleo vendidos ou consumidos con fins de transporte, en contido enerxético, incluíndo biocarburantes.

Así mesmo, o artigo 2.4 do Real decreto 1085/2015, do 4 de decembro, dispuxo para o ano 2020 un obxectivo indicativo do 0,1 por cento, en contido enerxético, de biocarburantes avanzados, para os suxeitos obrigados a acreditar o cumprimento dos obxectivos de venda ou consumo de biocarburantes con fins de transporte.

Pola súa parte, o Real decreto 1597/2011, do 4 de novembro, polo que se regulan os criterios de sustentabilidade dos biocarburantes e biolíquidos, o Sistema nacional de verificación da sustentabilidade e o dobre valor dalgúns biocarburantes para efectos do seu cómputo, estableceu no seu artigo 14.1 que, para demostrar o cumprimento das obrigacións de venda ou consumo de biocarburantes con fins de transporte e o obxectivo establecido para a utilización da enerxía procedente de fontes renovables en todas as formas de transporte, se considerará que os biocarburantes producidos a partir das materias primas enumeradas no anexo IV equivalen ao dobre do seu contido en enerxía.

Finalmente, a senda de crecemento da política de fomento de biocarburantes como fonte renovable de enerxía encontra como último referente a Directiva (UE) 2018/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables, a cal dispón que, co fin de integrar o uso de enerxías renovables no sector do transporte, cada Estado membro imporá unha obrigación aos provedores de combustible para garantir que a cota de enerxías renovables no consumo final de enerxía no sector do transporte sexa como mínimo do 14 por cento en 2030 como moi tarde, de conformidade cunha traxectoria indicativa fixada polo Estado membro.

Para o cumprimento dese obxectivo, a mencionada directiva prevé que a proporción de biocarburantes e biolíquidos, así como de combustibles de biomasa consumidos no transporte, cando se produzan a partir de cultivos alimentarios e forraxeiros, non será máis de 1 punto porcentual superior á cota dos ditos combustibles sobre o consumo final de

enerxía nos sectores do transporte por ferrocarril e por estrada en 2020 no Estado membro, cun máximo do 7 por cento do consumo final de enerxía nos sectores do transporte por ferrocarril e por estrada.

Así mesmo, a citada directiva establece que, para o cálculo do numerador, a cota de biocombustibles e biogás producidos a partir das materias primas enumeradas no anexo IX, parte B, se limitará, excepto en Chipre e Malta, ao 1,7 por cento do contido enerxético dos combustibles para o transporte subministrados para o seu consumo ou utilización no mercado. Dispón, ademais, que os Estados membros poderán modificar, se así se xustifica, o dito límite, tendo en conta a dispoñibilidade de materias primas, ben que calquera modificación deste tipo estará supeditada á aprobación da Comisión Europea.

Por outro lado, establece que, dentro da cota mínima antes citada do 14 por cento, a contribución dos biocombustibles avanzados e do biogás producido a partir das materias primas enumeradas no anexo IX, parte A, da Directiva (UE) 2018/2001, do 11 de decembro de 2018, como cota do consumo final de enerxía no sector do transporte, será ao menos do 0,2 por cento en 2022, ao menos do 1 por cento en 2025 e ao menos do 3,5 por cento en 2030.

Finalmente, prevé que os biocombustibles con risco elevado de cambio indirecto do uso da terra, producidos a partir de cultivos alimentarios e forraxeiros para os que se observe unha expansión significativa da superficie de produción en terras con elevadas reservas de carbono non superará o nivel de consumo de tales combustibles no Estado membro en 2019, a menos que estean certificados como de baixo risco de cambio indirecto do uso da terra. Así mesmo, indica que, do 31 de decembro de 2023 ata o 31 de decembro de 2030 como máis tarde, ese límite se deberá ir reducindo gradualmente ata acadar o 0 por cento.

Adicionalmente, o Plan nacional integrado de enerxía e clima (PNIEC) recolle o impulso á fabricación e uso dos biocombustibles avanzados como un dos principais eixes de descarbonización no sector do transporte, xunto ao cambio modal e ao despregamento da mobilidade eléctrica. En particular, a medida 1.7 do PNIEC, relativa aos biocombustibles avanzados no transporte, inclúe entre os principais mecanismos de actuación a obrigación xeral de venda ou consumo de biocombustibles e o establecemento dunha obrigación específica de venda ou consumo de biocombustibles avanzados, ambas as medidas obxecto deste real decreto.

De igual forma e en relación coas emisións de determinados contaminantes atmosféricos, no Programa nacional de control da contaminación atmosférica (PNCCA), reflíctese a necesidade de introducir biocombustibles avanzados no transporte, entre outras medidas, que permitan alcanzar o cumprimento dos obxectivos establecidos na Directiva (UE) 2016/2284 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de decembro de 2016, relativa á redución das emisións nacionais de determinados contaminantes atmosféricos, e incorporada ao ordenamento xurídico español mediante o Real decreto 818/2018, do 6 de xullo, sobre medidas para a redución das emisións nacionais de determinados contaminantes atmosféricos.

En vista dos antecedentes normativos citados en materia de fomento de biocombustibles, este real decreto acolle como obxectivo fundamental continuar a senda fixada polo Real decreto 1085/2015, do 4 de decembro, e establecer uns obxectivos obrigatorios mínimos de venda ou consumo de biocombustibles para os anos 2021 e 2022 do 9,5 por cento e do 10 por cento, en contido enerxético, respectivamente, dando resposta ás necesidades de implementar as medidas e alcanzar os obxectivos establecidos no PNIEC, en coherencia co seu escenario obxectivo ata 2030.

De maneira adicional, este real decreto amplía a vixencia do límite do 7 por cento antes citado, para biocombustibles producidos a partir de cultivos alimentarios e forraxeiros, aos anos en que se fixan obxectivos.

Os cultivos alimentarios e forraxeiros quedan definidos como cultivos ricos en amidón, cultivos azucreiros ou cultivos oleaxinosos producidos en solos agrícolas como cultivo principal, excluídos os refugallos, os residuos ou os materiais lignocelulósicos e os cultivos intermedios (como os cultivos intercalados e os cultivos de cobertoira), sempre que a utilización de tales cultivos intermedios non provoque un incremento da demanda de terreos.

Así mesmo, indícase que por refugallo se entende o previsto no punto 43 do artigo 2 da Directiva (UE) 2018/2001, do 11 de decembro de 2018, é dicir, substancia que non é o produto final que un proceso de produción pretende obter directamente; non é un obxectivo primario do proceso de produción e o proceso non foi modificado de forma deliberada para produci-lo.

Este real decreto si produce a efectiva transposición ao ordenamento interno do límite do 1,7 por cento anteriormente mencionado. A aplicación deste límite é complementaria das medidas de control que se requiren para evitar posibles irregularidades relacionadas coa utilización destas materias primas e a introdución no mercado de biocarburantes procedentes delas.

Tamén se traspón o previsto na Directiva (UE) 2018/2001, do 11 de decembro de 2018, en relación cos biocarburantes ou combustibles de biomasa con risco elevado de cambio indirecto do uso da terra, e establécese que por orde ministerial se regulará para eles unha senda de redución a partir do 31 de decembro de 2023, ata alcanzar un valor do 0 por cento o 31 de decembro de 2030. Así mesmo, prevé que mediante resolución da Secretaría de Estado de Enerxía se determinarán os biocarburantes ou combustibles de biomasa de risco elevado de cambio indirecto do uso da terra, así como a porcentaxe máxima que estes poderán ter, para cada un dos suxeitos obrigados, para o cumprimento do obxectivo de venda ou consumo de biocarburantes regulados.

Por outro lado, fíxase para o ano 2021 o mesmo obxectivo indicativo de biocarburantes avanzados previsto para o ano 2020 no punto cuarto do artigo 2 do Real decreto 1085/2015, do 4 de decembro, e regúlase un obxectivo obrigatorio de biocarburantes avanzados do 0,2 por cento en 2022, en liña co establecido na Directiva (UE) 2018/2001, do 11 de decembro de 2018, que deben ser cumpridos por cada suxeito obrigado.

Finalmente, en relación co Sistema nacional de obrigacións de eficiencia enerxética, faise coincidente o prazo da obrigación de información da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e da Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos sobre vendas de enerxía co prazo establecido na Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, para os suxeitos obrigados, o cal foi modificado polo Real decreto lei 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica.

Este real decreto cumpre cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguranza xurídica, transparencia e eficiencia contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O real decreto responde á necesidade de transposición de directivas europeas e ao cumprimento dos obxectivos de renovables establecidos. É eficaz e proporcional ao axustarse aos obxectivos perseguidos e regula os aspectos imprescindibles para logralos. O proxecto cumpre co principio de seguranza xurídica, pois é coherente tanto co resto do ordenamento xurídico nacional como co ordenamento xurídico da Unión Europea. En aplicación do principio de transparencia, os trámites efectuados permitiron a todos os suxeitos presentar alegacións e participar activamente na súa elaboración. Finalmente, o proxecto cumpre o principio de eficiencia, modificando un real decreto actualmente en vigor, e non contén cargas administrativas innecesarias ou accesorias.

De acordo co disposto no artigo 5.2.a), así como na disposición transitoria décima da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, este real decreto foi sometido ao informe preceptivo da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Así mesmo, realizouse o preceptivo trámite de audiencia aos interesados, segundo o previsto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, na web do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Os artigos 149.1.13.<sup>a</sup> e 149.1.25.<sup>a</sup> da Constitución atribúen ao Estado competencia exclusiva sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e sobre as bases do réxime mineiro e enerxético. Este real decreto ampárase nos ditos títulos competenciais, así como na disposición derradeira segunda da Lei 34/1998, do 7 de outubro, que autoriza o Goberno para aprobar no ámbito das súas competencias, mediante

real decreto, as normas de desenvolvemento da dita lei, e no punto 4 do artigo 41 da Lei 11/2013, do 26 de xullo, que habilita o Goberno para modificar os obxectivos previstos neste artigo, así como establecer obxectivos adicionais, ademais do resto de fundamentos previamente referidos.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta cuarta do Goberno e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de marzo de 2021,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1085/2015, do 4 de decembro, de fomento dos biocarburantes.*

O Real decreto 1085/2015, do 4 de decembro, de fomento dos biocarburantes, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Engádense tres novos puntos, 3 bis, 3 ter e 3 *quater* no seu artigo 2, coa seguinte redacción:

«3 bis. Para o cómputo no obxectivo de enerxías renovables no transporte, a porcentaxe de biocarburantes producidos a partir de cultivos alimentarios e forraxeiros (definidos estes como cultivos ricos en amidón, cultivos azucreiros ou cultivos oleaxinosos producidos en solos agrícolas como cultivo principal, excluídos os refugallos, os residuos ou os materiais lignocelulósicos e os cultivos intermedios (como os cultivos intercalados e os cultivos de cobertoira), sempre que a utilización destes cultivos intermedios non provoque un incremento da demanda de terreos), non poderá superar o 7 por cento do consumo final de enerxía en transporte nos anos 2021 e 2022.

Nos anos 2021 e 2022, para o cumprimento dos obxectivos de venda ou consumo de biocarburantes regulados, a porcentaxe de biocarburantes producidos a partir de cultivos alimentarios e forraxeiros non poderá superar, para cada un dos suxeitos a que se refire o artigo 3, o 7,2 por cento, en contido enerxético, sobre o total de gasolina e gasóleo vendidos ou consumidos con fins de transporte, incluídos os biocarburantes.

Para os efectos deste punto enténdese por refugallo a substancia que non é o produto final que un proceso de produción pretende obter directamente; non é un obxectivo primario do proceso de produción e o proceso non foi modificado de forma deliberada para produci-lo.

3 ter. Para o cálculo da cota de enerxías renovables no consumo final de enerxía no sector do transporte, a partir do ano 2021 incluído, a proporción de biocarburantes e biogás producidos a partir das materias primas enumeradas no anexo IV, parte B, do Real decreto 1597/2011, do 4 de novembro, limitarase ao 1,7 por cento do contido enerxético dos combustibles para o transporte subministrados para o seu consumo ou utilización no mercado.

A partir do ano 2021 incluído, para o cumprimento dos obxectivos de venda ou consumo de biocarburantes regulados, a porcentaxe de biocarburantes e biogás producidos a partir das materias primas enumeradas no anexo IV, parte B, do Real decreto 1597/2011, do 4 de novembro, limitarase, para cada un dos suxeitos obrigados a que se refire o artigo 3, ao 1,7 por cento en contido enerxético, sobre o total da gasolina e gasóleo vendidos ou consumidos con fins de transporte, incluídos os biocarburantes. Mediante orde ministerial da persoa titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, poderase modificar ese límite ata alcanzar o máximo do 1,7 por cento en contido enerxético do numerador da cota de enerxías renovables no consumo final de enerxía no sector do transporte que se estableza conforme a Directiva (UE) 2018/2001, do 11 de decembro de 2018, e logo de aprobación da Comisión Europea, máis alá del, se se xustifica tendo en conta a dispoñibilidade de materias primas.



3 *quater*. Para o cálculo da cota de enerxías renovables no consumo final de enerxía no sector do transporte, así como para os efectos do cumprimento do obxectivo de venda ou consumo de biocarburantes regulados, a porcentaxe de biocarburantes ou combustibles de biomasa con risco elevado de cambio indirecto do uso da terra, producidos a partir de cultivos alimentarios e forraxeiros, para os cales se observe unha expansión significativa da superficie de produción en terras con elevadas reservas de carbono non superará, en ningún caso, o nivel de consumo dos ditos combustibles acadado en España en 2019.

Mediante orde ministerial da persoa titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, establecerase unha senda de redución da porcentaxe de biocarburantes ou combustibles de biomasa con risco elevado de cambio indirecto do uso da terra producidos a partir de cultivos alimentarios e forraxeiros para os cales se observe unha expansión significativa da superficie de produción en terras con elevadas reservas de carbono, do 31 de decembro de 2023 ata acadar un valor do 0 por cento con anterioridade ao 31 de decembro de 2030.

O disposto neste punto non incluírá aqueles biocarburantes ou combustibles de biomasa certificados como de baixo risco de cambio indirecto do uso da terra.»

Dous. Modifícase o primeiro parágrafo do punto 4 do artigo 2, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Establécese un obxectivo indicativo do 0,1 por cento, en contido enerxético, de biocarburantes avanzados e biogás procedente das materias primas enumeradas na parte A do anexo IV do Real decreto 1597/2011, do 4 de novembro, nos anos 2020 e 2021, e un obxectivo obrigatorio mínimo deles do 0,2 por cento en contido enerxético, no ano 2022, para cada un dos suxeitos obrigados a acreditar o cumprimento dos obxectivos de venda ou consumo de biocarburantes con fins de transporte, recollidos no artigo 3. Estes suxeitos obrigados deberán acreditar, ante a entidade de certificación, o obxectivo acadado.»

Tres. Modifícase o cuarto parágrafo do punto 4 do artigo 2, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Mediante orde da persoa titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, poderase modificar o obxectivo de biocarburantes avanzados, en función da súa dispoñibilidade e das materias primas utilizadas para a súa fabricación, así como da previsión de enerxía final subministrada no transporte e o establecido na normativa comunitaria.»

Catro. Modifícase a disposición adicional primeira, que queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición adicional primeira. *Obxectivos obrigatorios mínimos de venda ou consumo de biocarburantes con fins de transporte para o período 2016-2022.*

De acordo co disposto no punto 1 do artigo 2 do presente real decreto, os suxeitos a que se refire o artigo 3 deberán acreditar anualmente, ante a entidade de certificación, a titularidade dunha cantidade mínima de certificados de biocarburantes que permitan cumprir cos obxectivos obrigatorios mínimos, en contido enerxético, seguintes:

a) Para o ano 2016, o obxectivo obrigatorio mínimo de biocarburantes será do 4,3 por cento en cómputo anual, resultado de ponderar un obxectivo do 4,1 por cento durante o primeiro semestre de 2016 e o obxectivo do 4,5 por cento durante o segundo semestre de 2016.

b) Para os anos correspondentes ao período 2017 ata 2020, os obxectivos de biocarburantes en cómputo anual serán:

	2017	2018	2019	2020
Obxectivos obrigatorios mínimos de biocarburantes (%).	5 %	6 %	7 %	8,5 %

c) Para os anos correspondentes a 2021 e 2022, os obxectivos de biocarburantes en cómputo anual serán:

	2021	2022
Obxectivos obrigatorios mínimos de biocarburantes (%).	9,5 %	10 %»

Cinco. Modifícase a disposición adicional quinta, que queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición adicional quinta. *Obrigación de información da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e da Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos sobre vendas de enerxía.*

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, así como a Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos, enviarán á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, antes do 30 de xuño de cada ano e en formato electrónico, a información sobre as vendas de enerxía correspondentes ao ano anterior, expresadas en GWh, dos suxeitos obrigados no marco do Sistema nacional de obrigacións de eficiencia enerxética, regulados no capítulo IV do título III da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.

Para a consignación desta información deberanse ter en conta as definicións e os factores de conversión establecidos na normativa vixente respecto ao procedemento de envío de información dos suxeitos obrigados do Sistema de obrigacións de eficiencia enerxética no relativo ás súas vendas de enerxía.»

Seis. Engádesse unha nova disposición adicional décima:

«Disposición adicional décima. *Biocarburantes ou combustibles de biomasa con risco elevado de cambio indirecto do uso da terra.*

Con anterioridade ao 31 de decembro de 2021 e para os efectos do previsto no artigo 3 *quater*, mediante resolución da persoa titular da Secretaría de Estado de Enerxía determinaranse os biocarburantes ou combustibles de biomasa producidos a partir de cultivos alimentarios e forraxeiros con risco elevado de provocar un cambio indirecto do uso da terra, e de cuxas materias primas se observe unha expansión significativa da superficie de produción en terras con elevadas reservas de carbono de acordo co previsto na normativa europea de aplicación, así como a porcentaxe máxima que estes poderán ter para o cumprimento do obxectivo de venda ou consumo de biocarburantes regulados, equivalente ao nivel de consumo dos ditos combustibles acadado en España en 2019. Esta porcentaxe máxima será de aplicación para cada un dos suxeitos obrigados do artigo 3.

O límite a que fai referencia o primeiro parágrafo do artigo 3 *quater* será de aplicación a partir dos 3 meses desde a aprobación da resolución citada no parágrafo anterior e en ningún caso antes do 1 de xaneiro de 2022. Cando proceda, ratearase polo prazo que transcorrese no ano natural.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido nos artigos 149.1.13.<sup>a</sup> e 25.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúen ao Estado, respectivamente, as competencias exclusivas para determinar as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e as bases do réxime mineiro e enerxético.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase parcialmente ao dereito español a Directiva (UE) 2018/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2018, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de marzo de 2021.

FELIPE R.

A vicepresidenta cuarta do Goberno  
e ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico,  
TERESA RIBERA RODRÍGUEZ